

CONVOCATORIA DE MISIONS RIS3

Prazo de presentación **60 días naturais** desde ao 14/02/2024Orzamento **15 M€**Axencia Galega de Innovación (GAIN): **10 M€** (I+D+i)Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE): **5 M€** (Investimento produtivo)

Obxecto

Promover a realización de **proxectos de I+D e innovación e investimento produtivo** de carácter estratéxico para contribuír ás Misións de Especialización Intelixente.

As misións son un elemento novidoso da RIS3 2021-2027, que foron definidas a través dun **proceso participativo** cos axentes do ecosistema galego de innovación. Fixan **metas cuantificables e alcanzables** que contribúan de forma concreta a **dar resposta aos retos establecidos no marco da RIS3**. A convocatoria busca arredor delas **mobilizar e aliñar capacidades empresariais, de coñecemento e tecnolóxicas** de diferentes ámbitos e sectores, para desenvolver proxectos con capacidade de impacto real a nivel produtivo e social. **Financiarase, como mínimo, un proxecto por misión.**

MISIÓN 1

Contribuír á **mitigación e adaptación ao cambio climático do sector primario** de Galicia, a partir da redución da súa pegada nun 10% (carbono, hídrica, ecolóxica) en 2030 mediante a circularidade e a simbiose entre actuacións, así como a rexeneración dos ecosistemas.

MISIÓN 2

Contribuír á **redución do 57% das emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia**, con respecto a 1990, para o ano 2030 incrementando a reutilización de materias primas, produtos e materiais xa presentes no ciclo produtivo.

MISIÓN 3

Contribuír, de cara ao 2030, a **incrementar os anos de vida saudable de 84 a 88**, mediante a redución de enfermidades ou problemas de enfermidades non transmisibles e a mellora da calidade de vida (hábitos e contornas saudables e seguras).

Beneficiarios

Pemes e grandes empresas

Centros tecnolóxicos e centros de apoio á innovación tecnolóxica

Universidades, organismos e centros públicos de investigación

Entidades e institucións sanitarias públicas e privadas que desenvolvan actividade investigadora

Entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro relacionadas coa I+D+i

Agrupacións ou asociacións empresariais que realicen actuacións de I+D+i

Modalidade de participación

Cooperación a través de consorcios

Empresas: **1** empresa **tractora** → *A condición de tractora non implica necesariamente a de gran empresa.*

Mínimo 3 **2** **pemes**

A maiores desta **configuración mínima obrigatoria**, no consorcio poderán participar todos os tipos de beneficiarios contemplados.

Intensidade da axuda

Pequena empresa Mediana empresa Gran empresa

	Pequena empresa	Mediana empresa	Gran empresa
Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresa/s ou cun ou varios organismos de investigación e difusión de coñecemento	60%	60%	60%
Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresa/s ou cun ou varios organismos de investigación e difusión de coñecemento	60%	50%	40%
Innovación organizativa, en materia de procesos ou de produto	50%	50%	15%
Investimento produtivo	35%	25%	

Gastos subvencionables

CUSTOS DIRECTOS

- Custos de persoal.
- Equipamento e material instrumental de nova adquisición.
- Materiais, subministracións e produtos similares.
- Adquisición de patentes.
- Outros custos: derivados do informe realizado polo/a auditor/a, os derivados do informe de valoración do cumprimento do principio DNSH e os de contratación do plan de comunicación.
- Subcontratacións

Poderase subcontratar un máximo do **65%** do importe da actividade subvencionada, incluíndo **servizos científico-tecnolóxicos, de consultaría e asistencia técnica.**

CUSTOS INDIRECTOS

- Gastos administrativos.
- Gastos de supervisión e control de calidade, subministracións, seguridade, limpeza.

Características dos proxectos

Proxectos en colaboración

Orzamento mínimo: **600.000€**
Orzamento máximo: **5M€**

Duración mínima: **2 anos**
Duración máxima: **3 anos e 6 meses**

Actividades subvencionables

I+D e innovación:

investigación industrial, desenvolvemento experimental, innovación organizativa, en materia de procesos e de produto:

entre un **50% e un 70% do orzamento total do proxecto**

EXCEPCIÓN:

aqueles casos que polo seu sector ou actividade non poidan contar con investimento produtivo, que poderán chegar ao **100%**.

Investimento produtivo: vinculado á parte científico-tecnolóxica do proxecto:

entre un **30% e un 50% do orzamento total do proxecto**

EXCEPCIÓN: os que pertencen aos seguintes sectores e actividades, que soamente serán **proxectos de I+D e innovación** e poderán chegar ao **100%**:

- Producción agrícola primaria.
- Produtos da pesca e da acuicultura.
- Sector do transporte.
- Sectores do carbón, do lignito e do aceiro.
- Producción, o almacenamento, o transporte, a distribución de enerxía e as infraestruturas de enerxía.
- Investimentos en medidas de eficiencia enerxética.
- Investimentos destinados a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Investimentos en eliminación de residuos.
- Os investimentos en aumentar a capacidade das instalacións para o tratamento de residuos, con excepción de investimentos en tecnoloxías para recuperar materiais de residuos con fins de economía circular.

Máis información

<http://gain.xunta.gal>
axudas.gain@xunta.gal